

Rianxo - Ordenanza núm. 18, xeral de limpeza e medio ambiente

Artigo 1.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias do Concello de Rianxo e dentro do seu termo municipal, das seguintes situacións e actividades:

1.- A limpeza da vía pública no que se refire ó uso común xeral dos cidadáns e limpeza de solares de propiedade municipal. Así mesmo, a inspección e realización subsidiaria de limpeza dos solares de propiedade pública ou privada.

2.- A prevención do estado de suciedade do concello producido como consecuencia de manifestacións públicas na rúa, e limpeza dos bens de dominio municipal no que respecta o seu uso común especial e privativo.

3.- A recollida de lixo e residuos sólidos producidos a consecuencia do consumo doméstico así como a de tódolos materiais residuais que pola súa natureza poden asimilarse ós anteriores.

4.- A acumulación, carga, transporte e verquido de terras, escombros e outros materiais similares ou asimilables, producidos a consecuencia de obras, construcións e derribos, en todo ou non incluído os números 1 e 3 anteriores.

5.- A recollida e transporte de materiais residuais e dos produtos destinados polos seus produtores ou posuidores ó abandono que, non estando incluídos especificamente nos apartados precedentes, son de competencia municipal de acordo ca lexislación vixente.

6.- En canto sexa da súa competencia: a xestión, control e inspección dos sistemas e equipamentos destinados ó tratamento, aproveitamento, depósito e eliminación da totalidade dos materiais residuais obxecto dos apartados 3, 4 e 5 anteriores.

Artigo 2.-

A presente Ordenanza de Limpeza e Medio Ambiente articularase, conforme o Artigo 1 mediante os seguintes títulos:

Título I.- Disposicións Xerais.

Título II.- Da limpeza da vía pública.

Título III.- Da limpeza do Concello en canto ó uso común especial e privativo e manifestacións públicas na rúa.

Título IV.- Da recollida de residuos urbáns.

Título V.- Da recollida, transporte e verquido de terras e escombros.

Título VI.- Da recollida e transporte dos residuos industriais e especiais.

Título VII.- Das infraccións e das sancións. Procedemento sancionador.

Artigo 3.-

1.- As normas da presente Ordenanza aplicaránse por analogía ós supostos que non estean expresamente regulados e que pola súa natureza estean comprendidos no seu ámbito de aplicación.

2.- Os Servicios Municipais, despois de escoitar ós interesados, establecerán a interpretación que estimen adecuada nas dúbidas que poideran presentarse na aplicación da presente Ordenanza.

Artigo 4.-

1.- Tódolos habitantes de Rianxo están obrigados, no que concirne á limpeza do Concello, a observar unha conducta encamiñada a evitar e previr a sucidade.

2.- Así mesmo, están obrigados a denunciar á Autoridade municipal as infraccións que en materia de limpeza pública presenciaren ou das que teñan un coñecemento certo.

3.- O Concello obrígase a atender ás reclamacións, denuncias e suxestións dos cidadáns, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

Artigo 5.-

1.- Tódolos cidadáns están obrigados ó cumprimento puntual da presente ordenanza e das disposicións complementarias que na materia de limpeza en xeral, mantemento de ornato público ou da estética do Concello, dicte en calquera momento a Alcaldía no exercicio das súas facultades.

2.- A Autoridade Municipal, poderá esixir en todo momento o cumprimento inmediato da presente Ordenanza, obrigando o causante dun deterioro á reparación da afección causada, sen prexuízo da sanción que corresponda.

3.- A Alcaldía a proposta dos servicios municipais correspondentes, sancionará de acordo co establecido no Título VII desta Ordenanza os que contraviñeren ó disposto na mesma.

Artigo 6.-

1.- O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza que segundo as presentes Ordenanzas corresponda a efectuar directamente ós cidadáns imputándolles o custe dos servicios prestados de acordo coas Ordenanzas Fiscais e sen prexuízo das sancións que en cada caso sexan pertinentes e do que civilmente fora esixible.

2.- Os servicios municipais poderán, sempre que sexa preciso, proceder á limpeza da vía pública afectada ou dos seus elementos estruturais, o mantemento, reparación e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmobles, e a carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados.

3.- O Concello realizará a prestación dos servicios, en tódolos supostos previstos na presente Ordenanza, mediante os procedementos técnicos e formas de xestión que en cada momento estime conveniente para os intereses do propio Concello.

TITULO II.- DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

Capítulo I.- Da limpeza da vía pública como consecuencia do uso xeral dos cidadáns.

Artigo 7.-

1.- A efectos da limpeza considérase vía pública: as avenidas, paseos, rúas, prazas, beirarrúas, travesías, camiños, xardíns, zonas verdes, zonas terreosas e demais bens públicos de uso público municipal destinados directamente o uso común xeral dos cidadáns.

2.- A efectos de limpeza, os ríos terán tamén a consideración vía pública.

Artigo 8.-

1.- Queda prohibido tirar e abandonar na vía pública toda clase de

productos de estado sólido, líquido ou gaseoso. Os residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios e similares deberán depositarse nas papeleiras instaladas ó efecto ou contenedores do Servicio Público de limpeza.

2.- Os materiais residuais voluminosos, e os de pequeno tamaño pero en gran cantidade, deberán ser obxecto de libramento ordenado ós servicios de recollida do lixo. Se pola súa cantidade, formato ou natureza foran imposible a prestación deste servicio, deberán ser evacuados de acordo co que establece o Título VI sobre Recollida e transporte de residuos industriais e especiais.

3.- Prohíbese votar cigarros puros, colillas de cigarrillos ou outras materias encendidas nas papeleiras. En todo caso deberán depositarse unha vez apagadas ou ben nos cinceiros instalados ó efecto.

4.- Prohíbese, igualmente, votar no chan calquera clase de desperdicio dende os vehiculos, xa estén parados ou en marcha.

5.- Non se permite sacudir roupas e alfombras sobre a vía pública, nin tampocuco dende balcóns e terrazas fora do horario establecido no Artigo 34.1 desta Ordenanza. En todo caso, esta operación farase de maneira que non causa danos nin molestias a persoas ou cousas. Non se permite fregar balcóns a non ser co horario establecido no art. 34.1.

6.- Non se permite regar as prantas nin a limpeza de elementos constructivos colocados no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se produciran verquidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. O rego farase conforme ó horario establecido no Artigo 34.1 da presente Ordenanza e sempre ca debida precaución e coidado a fin de non producir molestias e veciños de peóns.

7.- Prohíbese escupir na rúa, e saísface-las necesidades fisiolóxicas na vía pública. Ós infractores sancionaranse.

Artigo 9.-

1.- Corresponde os particulares a limpeza das beirarrúas particulares, dos pasaxes particulares, dos patios interiores de mazán, dos solares de propiedade privada, das galerías comerciais e similares.

2.- O Concello exercerá o control e inspección do estado de limpeza dos elementos obxecto do número anterior, e poderá obrigar coactivamente a limpe-los á persoa responsable, de

acordo coas instrucións que ó efecto dicten os servicios municipais.

3.- Corresponderá a Administración Municipal a limpeza da calzada, bordos, paseos, gabias dos árbores, zonas terrosas, papeleiras, rótulos de identificación de vías públicas e restantes elementos do mobiliario urbán de reponsabilidade municipal, sen prexuízo das modificacións do servicio que en circunstancias especiais determina a Alcaldía. Non obstante, no caso de urbanizacións que teñan constituídas Entidades de conservación, corresponderalles a estas o mantemento destas zonas.

Artigo 10.-

Tratándose de pasaxes particulares, patios interiores de mazáns, solares particulares, zonas verdes particulares, galerías comerciais e similares, corresponderá a limpeza á propiedade. No caso de copropiedade dos elementos citados, a responsabilidade da limpeza corresponde á comunidade de propietarios.

Artigo 11.-

A fin de posibilita-la limpeza dos bordos, os vehículos deberán estacionarse de tal modo que entre eles e a beirarrúa quede unha distancia, aproximada, de vinte centímetros, nas rúas que no seu caso se determinen.

Artigo 12.-

A limpeza dos elementos destinados ó servicio do cidadán situados na vía pública pero que non estean baixo a responsabilidade municipal, corresponderá efectuala ós titulares administrativos dos respectivos servicios.

Capítulo II.- Da suciedade da vía pública a consecuencia de obras e actividades diversas

Artigo 13.-

1.- Tódalas actividades que poidan ocasionar suciedade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolva e sen prexuízo das licencias ou autorizacións que en cada caso sexan procedentes, esixe dos seus titulares a obrigaón de adopta-las medidas necesarias para evita-la suciedade na vía pública, así como a de limpa-la parte dela e dos seus elementos estruturais que se viran afectados, e a de retiralos materiais resultantes.

2.- A Autoridade municipal poderá esixir en todo momento as

accións de limpeza correspondentes, tendo o disposto no número anterior.

Artigo 14.-

1.- Para preve-la suciedade, as persoas que realicen obras na vía pública deberán proceder á protección desta mediante a colocación de elementos adecuados arredor dos derribos, terras e outros materiais sobrantos de obra, de modo que impedisese a diseminación e verquido destes materiais fora da estricta zona afectada polos traballos.

2.- En especial, as superficies inmediatas de zanxas, canalizacións e conexións realizadas na vía pública deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas deberán protexerse en todo caso segundo determina o número anterior.

3.- Cando tratase de obras na vía pública ou confrontantes, deberán instalarse valados de elementos de protección así como tubos para a carga e descarga de materiais e produtos de derribo, que deberán reuni-las condicións necesarias para impedir que se ensucie a vía pública e que se cuasen danos as persoas e as cousas.

Artigo 15.-

Cando se trate de edificios en construción, a obrigação de limpa-la vía pública en todo o ámbito material establecido no Artigo, 13, corresponderá ó contratista.

Artigo 16.-

1.- Prohíbese o abandono e deposición directamente na vía pública de calquera material residual ou o seu verquido en calquera dos elementos: alcorques dos árbores, beirarrúas e embornales. Os residuos depositaranse, en todo caso, na vía pública mediante elementos de contención homolados polo concello, de acordo co establecido no Anexo desta Ordenanza, en canto á instalación de contenedores na vía pública.

2.- A utilización de contenedores para obras será sempre preceptiva cando os materiais de extracción ou recollida excedan do volume dun metro cúbico, agás as obras de urbanización na vía pública ou de realización de zanxas e canalizacións.

3.- Os contenedores para obras deberán retirarse da vía pública nos supostos que se expresan no Artigo 95 da presente

Ordenanza e en todo caso dentro das 24 horas seguintes á terminación dos traballos.

4.- Sobrepasado o termo das 24 horas sinalado no apartado anterior, os materiais abandonados na vía pública adquirirán, de acordo ca Lei 43/75 de 19 de novembro sobre Resíduos Sólidos Urbáns, o carácter de propiedade municipal, sen que o afectado poida reclamar ó Concello polas perdas ocasionadas pola eliminación destes materiais e sen prexuízo da taxa fiscal a aplicar pola prestación do correspondente servicio nin das sancións que correspondan.

Artigo 17.-

1.- Finalizada-las operacións de carga, descarga, saída ou entrada a obras ou almacéns, etc., de calquera vehículo susceptible de producir suciedade na vía pública, o persoal responsable de ditas operación e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos e obras onde se houberen efectuado e, el último termo, o propietario ou o conductor do vehículo, procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se houberan ensuciado, así como á retirada dos materiais verquidos.

2.- As persoas mentadas no número anterior e polo mesmo orde, serán responsables das infraccións as disposicións desta Ordenanza e dos danos que poideran producirse.

Artigo 18.-

1.- Queda prohibido o transporte de formigón con vehículos formigoneiros sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida o verquido de formigón á vía pública.

2.- Prohíbese limpa-las formigoneiras na vía pública.

3.- Queda así mesmo prohibida a circulación de vehículos de transporte dos cales as condicións xerais non garanten a perda de parte da carga no seu tránsito polo termo municipal.

4.- En canto ó disposto nos números 1 e 2 precedentes, serán responsables o propietario do vehículo, estando ámbolos dous obrigados a retirada do formigón verquido, á limpeza da parte da vía pública afectada e á reparación dos danos causados sen prexuízo das sancións que correspondan.

Artigo 19.-

Prohíbese a manipulación e selección dos materiais residuais

depositados na vía pública á espera de ser recollidos polos servicios correspondentes.

Artigo 20.-

A limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, establecementos comerciais etc., efectuada por particulares, farase de acordo co horario establecido no número 2 do Artigo 33 desta Ordenanza e sempre con coidado de non ensucia-la vía pública. O titular da actividade será responsable delo.

Artigo 21.-

Están obrigados a limpa-los espacios ocupados habitualmente polos vehículos de tracción mecánica, ou responsables dos establecementos e industrias que os utilicen para o seu servicio, en especial en canto se refire ós verquidos de aceites, grasas ou productos similares.

Artigo 22.-

1.- Igualmente prohíbese realizar na vía públicas os actos que se especifican a continuación:

a) Vaciar, verquer e depositar calquera clase de materiais residuais na calzada, beirarrúas, alcorques, solares sen edificar e rede de sumidoiro.

b) Derramar calquera clase de auga sucia sobre as calzadas, beirarrúas, bordos, alcorques e solares sen edificar.

c) O verquido de calquera clase de producto industrial líquido, sólido ou solidificable que pola súa natureza sexa susceptible de producir danos ós pavimentos ou afectar á integridade e seguridade das persoas e das instalacións municipais de saneamento.

d) Lavar e reparar vehículos na vía pública.

e) Realizar calquera acto que produza suciedade ou sexa contrario á limpeza e decoro da vía pública.

2.- Os infractores deste precepto serán sancionados de conformidade co establecido no Título VII desta Ordenanza.

Artigo 23.-

1.- Prohíbese o abandono de mobles e enseres particulares na vía

pública.

2.- Será potestade dos servicios municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando dificulte o paso, a libre circulación ou poida afectar á limpeza ou decoro da vía pública.

3.- Os materiais sinalados noa partados 1 e 2 precedentes serán trasladados, para o seu depósito ou eliminación, ós lugares ou equipamentos previstos a tal fin pola Autoridade Municipal. No depósito, poderán mezclarse os materiais de natureza funxible retirados da vía pública.

4.- O depósito destes materiais rexirase en todo momento pola lexislación vixente, e no non previsto, polo que dispoña a Alcaldía.

5.- Os gastos producidos polo seu traslado, depósito e custodia destes materiais serán a cargo dos seus propietarios ou produtores.

Artigo 24.-

Actividades tales como circos, teatros ambulantes, carruseis e outras que, polas súas características especiais, usen a vía pública, están obrigadas a depositar unha fianza que garantice as responsabilidades derivadas da súa actividade. No caso de que o Concello deba realiza-la limpeza, dita fianza pagará os custes e se estes superiores á fianza esixida, o importe da diferenza deberá abonarse polos titulares da actividade.

Capítulo III.- Da limpeza e mantemento dos elementos e partes exteriores dos inmobles.

Artigo 25.-

1.- Os propietarios de inmobles ou, subsidiariamente, os titulares terán a obriga de mantelos nas debidas condicións de seguridade, limpeza e ornato público.

2.- Prohíbese ter á vista do público nas aberturas das casas e barandas exteriores das terrazas, roupa tendida sucia ou lavada e calquera outra clase de obxecto que sexa contrario ó decoro da vía pública ou ó mantemento da estética urbán.

3.- Os infractores deste precepto serán sancionados de conformidade co establecido no Título VII desta Ordenanza.

Artigo 26.-

1.-Os propietarios de edificios, terreos, vivendas e establecementos terán a obriga de manter limpas as fachadas, os rótulos de numeración das rúas, as medianeiras descubertas, as entradas, escaleiras de acceso e, en xeral, tódalas partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

2.- En todo o que se refire o número 1 precedente, os propietarios deberán proceder ós traballos de mantemento, limpeza, rebozado e estucado, cando por motivos de ornato público sexa necesario e o ordene a Autoridade municipal, previo informe dos servicios municipais competentes.

3.- Os propietarios tamén terán a obriga de manter limpas as cheminea, depósitos, patios, patios de luces, conduccións de auga e gas, desaugues, pararraios, antenas de televisión e calquera outra instalación complementaria dos inmobles.

4.- O Concello nos supostos recollidos nos apartados precedentes e previo trámite de audiencia ós interesados, requeriraos para que, no prazo que se lles sinale, realicen as obras ou operacións necesarias.

5.- O incumprimento do ordenado determinará que, pola falta de limpeza e decoro nos elementos ou partes exteriores do inmovible, se incoe expediente sancionador con imposición de multa, de conformidade co previsto nos Artigos 10 e 11 do RD 2187/78 de Disciplina Urbanística.

Capítulo IV.- Da limpeza e mantemento dos solares

Artigo 27.-

2.- A prescripción anterior inclue a esixencia da desratización e desinfección dos solares.

3.- É potestade do Concello a inspección e realización subsidiaria dos traballos de limpeza ós que se refiren os números 1 e 2 anteriores, sexan solares de propiedade pública ou privada. No caso de execución subsidiaria destes traballos polos sericios municipais, ésta farase con cargo ó obrigado e de acordo co disposto nas Ordenanzas Fiscais, sen prexuízo das sancións correspondentes.

Artigo 28.-

1.-Os propietarios de solares que linden ca vía pública ou poida supor un perigo o seu libre acceso, deberán valalos con cerramentos permanentes situados na aliñación oficial, mantelos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguridade e

ornato.

2.- A prescripción anterior inclúe a esixencia da desratización e desinfección dos solares.

4.- Nos terreos afectados polo planeamento urbanístico, cando os seus propietarios as cederan para o uso público, o Concello, poderá facerse cargo, total ou parcialmente, das obrigacións descritas, mentras non se leve a cabo a expropiación ou cesión.

5.- Se por motivo de interese público fose necesario aumir subsidiariamente as obrigacións do propietario, o Concello poderá acceder ós solares de propiedade privada derribando as valas cando fose preciso. Elo sen prexuízo de solicita-la correspondente Autorización Xudicial.

O Concello imputará os propietarios os custes do derribo e reconstrucción da vala afectada.

3.-Os valados respetaran a normativa de planificación urbanística vixente e cumprirán, no relativo as características, o establecido na Ordenanza Reguladora de Valados de Obras.

1.-Os propietarios de solares e terreos deberán mantelos limpos, libres de desfeitos e residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público. A obriga da limpeza inclúe os muros, arrós, cómaros, ribazos, etc.

Capítulo V.- Repercusións na limpeza respecto a tenencia de animais na vía pública.

Artigo 29.-

1.- Os propietarios son directamente responsables dos danos ou afeccións a persoas e cousas e de calquera acción que ocasione suciedade na vía pública producida por animais da súa pertencencia.

2.- En ausencia do propietario, será responsable subsidiario a persoa que levase o animal no momento de producirse a acción que causou a suciedade.

3.- Ante unha acción que causare suciedade na vía pública producida por un animal, os Axentes municipais están facultados en todo momento para:

a) Esixir do propietario ou tenedor do animal a reparación inmediata da afección causada.

b) Denunciar a infracción de conformidade co procedemento establecido na Ordenanza Municipal sobre Tenencia de Animais e en defecto desta, coas sancións previstas nesta Ordenanza para o

presente capítulo.

Artigo 30.-

1.- Como medida hixiénica ineludible, as persoas que paseen cans ou outras clase de animais pola vía pública, están obrigadas a impedir que aqueles fagan as súas deposicións nas partes de vía pública destinada ó tránsito de peóns.

2.- Por motivo de salubridade pública, queda categoricamente prohibido que os animais fagan as súas dexección ou deposicións sobre as beirarrúas, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas e restantes elementos da vía pública destinados o paso, estancia ou xogos dos cidadáns.

3.- Caso de inevitable deposición dun animal na vía pública, ou en toda parte desta non expresamente sinalada nos número 1 e 2 precedentes, o paseante do animal fará que éste depoña nas arquetas de pluviais ou sumidoiro situadas na calzada xunto ó bordo.

4.- En tódolos casos, o paseante do animal obrígase a recoller e retira-los excrementos, incluso debendo limpa-la parte da vía pública que houbese resultado afectada.

5.- O paseante do animal, poderá de acordo co disposto no apartado 4 precedente:

a) Libra-las deposicións de maneira hixiénicamente aceptable, mediante a bolsa de recollida do lixo domiciliaria.

b) Deposita-los excrementos dentro de bolsas impermeables perfectamente pechadas, nas papeleiras ou noutros elementos de contención indicados polos servicios municipais.

c) Deposita-los excrementos sen envoltorio algún, nos lugares habilitados para os cans.

d) Deposita-los excrementos en lugares non prohibidos na presente Ordenanza.

Artigo 31.-

O Concello poderá establecer na vía pública os equipamentos especiais para as deposicións dos animais domésticos, sinala-los lugares habilitados, instalar elementos de contención para facilitar o libramento de excrementos a que fai referencia no apartado 5 b) do Artigo 30, e procederá a coloca-las sinais preventivas e

informativas necesarias para o cumprimento do presente precepto.

Artigo 32.-

En tódolos casos contemplados nos Artigos 29 e 30 anteriores, os infractores serán sancionados de conformidade co establecido na Ordenanza Municipal sobre Tenencia de Animais, e en defecto desta, coas sancións previstas nesta Ordenanza para o presente capítulo.

Artigo 33.-

1.- O horario autorizado para sacudir a roupa e rega-las prantas e fregar terrazas e balcóns, segundo o disposto nos apartados 5 e 6 do Artigo 8 da presente Ordenanza, será desde a vintedúas horas da noite ata as oito trinta da mañá seguinte e do 1 de xuño ó 15 de setembro, entre as 24 horas e as 8,30 horas.

2.- O horario autorizado para a limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, etc., segundo o disposto no artigo 20 da presente Ordenanza será desde as sete ás once da mañán, e desde as dezanove a vintedúas horas.

3.- O Alcalde poderá autorizar, en casos excepcionais, modificacións nos horarios establecidos no número 1 do presente Artigo.

Título III.- Da limpeza do Concello respecto ó uso común especial e privativo de manifestacións públicas na rúa.

Capítulo I.- Condicións xerais e ámbito de aplicación.

Artigo 34.-

1.- A suciedade da vía pública producida a consecuencia do uso común e privativo será responsabilidade dos seus titulares.

2.- Os titulares de establecementos, sexan fixos ou non, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espacio urbano sometido a súa influencia.

3.- O Concello poderá esixir ós titulares expresados no número 2 anterior, a colocación de elementos homologados para a contención dos residuos producidos polo consumo os seus establecementos, correspondéndolles, así mesmo, o mantemento

e limpeza de ditos elementos.

4.- O Concello establece como elementos homologados a que se refire o número 3 anterior ós que se reflexan no Anexo desta Ordenanza.

Artigo 35.-

1.- Os organizadores dun acto público na rúa serán responsables da suciedade derivada da celebración de tal acto na mesma.

2.- A efectos da limpeza do Concello, os organizadores terán a obriga de informar ó Concello do lugar, percorrido e horario do acto público a celebrar. O Concello poderalles esixir a constitución dunha fianza en metálico ou aval bancario polo importe dos servizos subsidiarios de limpeza, que previsiblemente, lles poidera corresponder efectuar a consecuencia da suciedade que se derivase da celebración do acto público.

Artigo 36.-

A efectos da presente Ordenanza entenderase:

1.- Por rótulos, os anuncios fixos ou móbiles realizados mediante pintura, baldosas ou outros materiais destinados a conferirlles unha larga duración. Terán a condición de rótulos, os carteis que debido as súas condicións de colocación ou protección estean destinados a ter unha duración superior a quince días.

2.- Por carteis, os anuncios -impresos ou pintados- sobre papel ou outro material de escasa consistencia; sendo de formato reducido e distribución manual, os carteis terá a consideración de octavillas.

3.- Por pancartas, ou anuncios publicitarios de gran tamaño situados ocasionalmente na vía pública por un período non superior a quince días coincidindo coa celebración dun acto público.

4.- Pintadas, as inscricións manuais realizadas na vía pública sobre os muros ou paredes do Concello, sobre as beirarrúas e calzadas ou sobre calquera dos seus elementos estruturais.

5.- Por opúsculos e folletos diversos, ou fragmentos de papel ou material análogo entregado ós cidadáns na vía pública ou que se difundan con motivo de calquera manifestación pública ou privada.

Artigo 37.-

A colocación e pegado de carteis e pancartas, a distribución de octavillas e calquera outra actividade publicitaria das reguladas no presente Título, está sujeta a autorización municipal da Alcaldía, salvo as asociacións, entidades e organizacións do Concello de Rianxo, que desenvolvan a súa actividade sen ánimo de lucro (asociacións culturais, deportivas, veciñais, comisións de festas, partidos políticos, organizacións sindicais, etc.).

Artigo 38.-

1.- A concesión da autorización para a colocación ou distribución de rótulos e demais elementos publicitarios definidos no Artigo 36 anterior, levará implícita a obrigaçión para o responsable de limpa-los espacios da vía pública que se houberan ensuciado, e de retirar dentro do prazo autorizado tódolos elementos publicitarios que se houbera utilizado e os seus correspondentes accesorios.

2.- Para a colocación ou distribución na vía pública dos elementos publicitarios sinalados no Artigo 36 precedentes, o Concello poderá esixir a constitución da fianza ou aval bancario, pola contía correspondente ós custos previsibles de limpar ou retirar da vía pública os elementos que poideran causar suciedade.

Capítulo II.- Colocación de carteis e pancartas na vía pública.

Artigo 39.-

1.- Prohíbese a colocación e pegada de carteis, con excepción dos casos expresamente autorizados pola autoridade municipal.

2.- Prohíbese toda clase de actividade publicitaria das reguladas nas Presentes Ordenanzas nos edificios calificados como histórico-artístico, nos incluídos no Catálogo do Patrimonio Histórico e Artístico do Concello e en tódolos edificios públicos. Exceptuaranse as pancartas e rótulos que fagan referencia ás actividades que terán lugar no edificio, colocados pola iniciativa das persoas responsables de ditas actividades.

Artigo 40.-

3.- Prohíbese en todo o termo municipal:

a) A colocación e pegada de carteis nas partes exteriores dos inmobles, valados e calquera outro mobiliario ou elemento visible desde a vía pública, salvo nas columnas anunciadoras municipais. Excepcionalmente permitirase a colocación de carteis anunciadores e bandeirolas nos postes de alumeadado, que deberán ir colocados en soportes ríxidos ou semiríxidos, que se suxeitaran ó poste mediante bridas plásticas ou calquera outro sistema que non dane ou deteriore o poste e respecte

a estética.

b) A colocación de pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas e contedores.

c) A colocación de adhesivos nas partes exteriores dos inmobles, valados e calquera outro mobiliario ou elemento visible desde a vía pública.

Os promotores e beneficiarios da publicidade responderán desta prohibición e o incumprimento da mesma dará lugar á imposición da sanción pertinente, así como a obrigaición do publicitario de proceder á retirada da publicidade e á limpeza da parte ensuciada.

Artigo 40.-

1.-A colocación de carteis nas columnas anunciadoras municipais deberán cumprilas seguintes condicións:

a) Que os carteis conteñan propaganda de actos ou actividades de interese cidadán.

b) Non poderá iniciarse a colocación nas columnas anunciadoras antes de obtención da correspondente autorización municipal. A infracción poderá sancionarse. desgarrar, arrancar ou tirar á vía pública carteis, anuncios ou pancartas.

Artigo 41.-

1.- A colocación de pancartas na vía pública soamente se autorizará nos seguintes supostos:

a) En período de eleccións políticas e sindicais.

b) En período de festas populares e tradicionais dos distintos núcleos.

c) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.

2.- A Alcaldía regulará en cada caso as condicións en que poderán utilizarse as columnas anunciadoras municipais e tramitación necesaria para solicita-la correspondente autorización.

3.- As pancartas soamente poderán conter a propaganda de tipo político ou de tipo popular obxecto da correspondente solicitude de autorización, sen incluír ningunha outra clase de publicidade que ocupe máis do 15% da súa superficie.

4.- A solicitude de autorización para a colocación de pancartas deberá contemplar:

a) O contido e medidas da pancarta.

b) Os lugares onde se pretende instalar.

c) O tempo que permanecerá instalada.

d) O compromiso do responsable de repara-los desperfectos causados na vía pública ou nos seus elementos estruturais e de indemniza-los danos e prexuízos que poideran terse ocasionado como consecuencia da colocación da pancarta.

Artigo 42.-

1.- As pancartas deberán ser retiradas tan pronto como caducara o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, serán retiradas polos servicios municipais, imputándose ós responsables os custes correspondentes ó servicio prestado, sen prexuízo da imposición da sanción ós responsables pola Autoridade Municipal.

1.-A colocación de carteis nas columnas anunciadoras municipais deberán cumpri-las seguintes condicións:

Capítulo III.- Das pintadas.

Artigo 43.-

1.- Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros e paredes exteriores do Concello.

2.- Serán excepcións en relación co disposto no número 1 anterior:

- As pinturas murais de carácter artístico sobre os valados dos solares, para as que será preciso a previa autorización do seu propietario.

Capítulo IV.- Da distribución de octavillas.

Artigo 44.-

1.- Prohíbese esparcir e tirar toda clase de octavillas e materiais similares.

Exceptuaranse as situacións que no senso contrario autorice a Alcaldía.

2.- Serán sancionados quenes esparzan ou distribúan octavillas sen autorización.

3.- Os servicios municipais procederán a limpa-la parte ou espacio que se houberse visto afectada pola distribución ou dispersión de octavillas, imputando ós responsables o custe correspondente dos

servicios prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondera.

Capítulo V. Do mobiliario urbano e xardíns

Artigo 45.-

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantiles, papeleiras, fontes, sinalización e elementos decorativos tales como farolas e estatuas, deberán manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.

Artigo 46.-

a) Bancos:

Non se permite o uso inadecuado dos bancos, ou todo caso que prexudiquen ou deteriore a súa conservación e, en particular, arrancar aqueles que estean fixos, trasladar a unha distancia superior a dous metros os que non estean fixados ó chan, agrupalos de forma desordenada, realizar inscricións ou pinturas. As persoas encargadas do coidado dos nenos deberán evitar que estes nos seus xogos depositen sobre os bancos area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensucia-los, manchar ou prexudicar ós usuarios dos mesmos.

b) Xogos infantiles:

A súa utilización realizarase por nenos con idades comprendidas nos carteis anunciadores que a tal efecto se establezan, prohibíndose a súa utilización polos adultos ou por menores que non estean comprendidos na idade que se indica expresamente en cada sector ou xogo.

c) Papeleiras:

Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras destinadas a tal fin. Queda prohibida toda manipulación de papeleiras (movelas, incendialas, volcalas, arrancalas), facer inscricións ou adherir pegatinas nas mesmas, así como outros actos que deteriorenen a súa estética ou entorpezan o seu uso normal.

d) Fontes e ríos dos lavadeiros públicos:

Queda prohibido realizar calquera manipulación nas cañerías ou elementos das fontes, que non sexan as propias da súa utilización normal. Queda expresamente prohibido o lavado e reparación de

vehículos. Trala utilización do ría de lavar débense retirar todos aqueles desperdicios producidos pola actividade e depositalos nos contenedores do Servicio municipal de lixo.

e) Xardíns e zonas verdes.

Queda prohibido pisar os xardíns e zonas verdes

TITULO IV.- DA RECOLLIDA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS.

Capítulo I.- Condicións xerais e ámbito de prestación dos servicios.

Artigo 47.-

1.- O presente Título regulará as condicións nas cales o Concello prestará e o usuario utilizará os servicios destinados a recollida de desfeitos e residuos urbanos producidos polos cidadáns.

2.- Teñen categoría de usuarios os efectos de prestación destes servicios, tódolos habitantes de Rianxo, quenes os utilizarán de acordo cas disposicións vixentes.

Artigo 48.-

Ós efectos da presente Ordenanza, terán a categoría de residuos urbanos os materiais residuais seguintes:

a) Os defeitos da alimentación e do consumo doméstico producido polos cidadáns nas súas vivendas.

b) As cinzas da calefacción doméstica individual.

c) Os residuos procedentes de pequenas obras domiciliarias, cando a entrega diaria ós servicios de recollida domiciliaria non sobrepasen os 20 litros.

d) Os residuos procedentes do varrido de beirarrúas efectuado polos cidadáns.

e) A broza de poda de árbores e do mantemento de prantas, sempre que se entregue troceada e non sobrepase 20 litros de capacidade.

f) Os envoltorios, envases, embalaxes e outros residuos sólidos producidos nos locais comerciais.

g) Os materiais residuais producidos por actividades de servicios, comerciais e industriais, sempre que poidan asimilarse a desfeitos

domiciliarios.

h) Os residuos producidos polo consumo en bares, restaurantes e demais establecementos que expedan produtos alimentarios cociñados ou nos que se realicen consumicións de calquera clase. Así mesmo, os producidos en supermercados, autoservicios e establecementos similares.

i) Os residuos de consumo xeral producidos en residencias, hoteis, hospitais, clínicas, colexios e outros establecementos públicos ou abertos ó público.

l) Os mobles, enseres domésticos e trastos vellos, así como calquera produto análogo.

m) Os animais domésticos mortos de peso inferior os 80 quilos, para os cales o Concello poderá establece-lo correspondente servizo de recollida.

n) As deposicións dos animais domésticos que sexan libradas en forma hixiénicamente aceptable de acordo co establecido ó respecto no Artigo 29.1 desta Ordenanza.

Artigo 49.-

Quedan excluídos dos servizos municipais de recollida de residuos urbanos, os seguintes materiais residuais:

1.- Os materiais de rechazo, cinzas e escorias producidas en fábricas, talleres, almacéns e instalacións de tratamento de lixo.

2.- As cinzas, producidas nas instalacións de calefacción central dos edificios, con independencia do seu destino.

3.- Os detritus de hospitais, clínicas e centros asistenciais cando así se estableza pola Autoridade municipal.

4.- Os desperdicios e esterco producidos polos matadeiros, laboratorios, parques urbanos e demais establecementos similares públicos ou privados.

5.- Os produtos procedentes de decomiso.

6.- Calquera outro material residual que en función do seu contido ou forma de presentación poida calificarse de perigoso, de conformidade co establecido nesta Ordenanza.

7.- Calquera outra clase de material residual asimilable os

sinalados nos número precedentes, e en todo caso os que en circunstancias especiais determine a Alcaldía.

Artigo 50.-

A recollida de desfeitos e residuos regulada pola presente Ordenanza efectuarase polo Concello, mediante a prestación de dúas clases de servicios: un deles obrigatorio (recollida de lixo), e os restantes poderán establecerse segundo as necesidades, e posibilidade do Concello.

Artigo 51.-

O concello establecerá anualmente a taxa correspondente a prestación dos diferentes servicios de recollida de desfeitos e residuos urbanos. Os usuarios procederán ó pago da oportuna taxa polo servicio prestado, de acordo co que sinale ó efecto a respectiva Ordenanza Fiscal.

Artigo 52.-

Serán sancionados os que entreguen os servicios de recollida, residuos distintos os sinalados para cada clase de servicio. Tamén serán sancionados os que depositen desfeitos fora dos contenedores ou nun elemento de contención non adecuado ou distinto ou expresamente sinalado en cada caso polos servicios municipais e fora do horario establecido.

Artigo 53.-

En canto o establecido nos Artigos 48, 49, 54 e 55 desta Ordenanza, os Servicios de limpeza interpretarán nos casos de dúbida e determinarán en consecuencia a aceptabilidade ou non dos residuos así como o tipo de servicio de recollida que corresponda.

Artigo 54.-

De acordo co establecido no Artigo 50, o servicio de recollida de lixo farase cargo de retira-las seguintes materias residuais:

- 1.- As sinaladas nas letras a), b), c), d) do Artigo 48.
- 2.- As sinaladas nas letras e), f), g), h),i) do mesmo Artigo 48, de acordo co que, en canto a volume de entrega diaria, estableza a Ordenanza Fiscal de Saneamento, non superando os 20 litros.

Artigo 55.-

En ningún caso se permitirá o libramento os servicios de recollida do lixo, das seguintes categorías de residuos para as que o Concello poderá establece-los correspondentes:

- 1.- Os detritus de hospitais, clínicas e centros asistenciais.
- 2.- Os animais mortos.
- 3.- Os mobles, enseres domésticos, trastos vellos e materiais residuais procedentes de pequenas reparacións nos domicilios.
- 4.- En xeral calquera clase de resíduo dos sinalados no artigo 49, que se rexirán polo que dispón ó respecto o Título VI desta Ordenanza.

Artigo 56.-

A prestación do servicio de recollida de lixo comprenderá as seguintes operacións:

- a) Traslado do lixo desde os puntos de libramento de acordo co que establece o artigo 64, ata os vehículos de recollida.
- b) Vaciado do lixo nos elementos de carga de ditos vehículos.
- c) Devolución, dos elementos de contención, unha vez vaciados, os puntos orixinais de recollida.
- d) Retirada do lixo verquido na vía pública a consecuencia destas operacións.
- e) Transporte e descarga deste lixo nos equipamentos habilitados a este efecto polos servicios municipais.

Artigo 57.

- 1.- Prohíbese o abandono do lixo. Os usuarios obríganse a libralo ós servicios de recollida de acordo co horario que máis adiante se expresará.
- 2.- Os infractores do disposto no número 1 anterior, obríganse a retirar-lo lixo abandonado, así como a deixar limpo o espacio urbano que se ensuciase, todo elo con independencia das sancións que correspondan.

Artigo 58.-

Non se permite o trasvase ou manipulación do lixo fora dos parques de recollida, concentración ou tratamento que os servizos municipais destinasen a tales fins.

Artigo 59.-

Os usuarios do servizo respetarán o horario establecido no Artigo 81 desta Ordenanza e realizarán o libramento do lixo segundo o dispón a presente Ordenanza, estando así mesmo obrigados a seguir, puntualmente, cantas disposicións dicta a Alcaldía.

Artigo 60.-

1.- En canto a prestación do servizo de recollida de lixo, os usuarios están obrigados a utilizar os elementos de contención para lixo que en cada caso determinen os servizos municipais.

2.- Os elementos de contención a que fai referencia o número 1 anterior deberán cumprir as normas técnicas que figuran no Anexo 1 desta Ordenanza.

Artigo 61.-

1.- Os usuarios obríganse a librar o lixo o servizo de recollida en condicións tales que non se produza verquidos de residuos durante esta operación. Se como consecuencia dunha deficiente presentación do lixo se produxeran tales verquidos, o usuario causante será responsable da suciedade ocasionada na vía pública.

2.- O lixo librarase mediante os correspondentes elementos de contención homologados. En ningún caso se autorizará o libramento de lixo e residuos en paquetes, caixas, bolsas non homologadas e similares, ou mal acondicionadas.

3.- Prohíbese o libramento de lixo que conteña residuos en forma líquida ou susceptible de licuarse.

4.- Para a súa entrega ós servizos de recollida, tódolos elementos que conteñan lixo deberán estar perfectamente atados ou tapados de modo que non se produzan verquidos de materiais residuais.

5.- Os servizos municipais poderán rexeita-la retirada de lixo que non esta convenientemente presentado, de acordo coas especificacións dos números 2, 3 e 4 anteriores, ou que non fora librado mediante os elementos de contención homologados a que

fai referencia o Artigo 60 precedente.

Artigo 62.-

1.- O tipo de elemento de contención e o número de unidades a empregar nun bloque de vivendas, local comercial, industria ou establecemento, poderá ser fixado polos servicios municipais.

2.- Os elementos de contención individuais ou colectivos, de ser retonables, deberán levar claramente indicados no seu exterior o nome da rúa e número correspondente, a efectos de identificación do bloque de vivendas, local, industria ou establecemento.

Artigo 63.-

1.- Os usuarios do servicio de recollida de lixo obríganse a manter os seus elementos de contención retornables en perfectas condicións de limpeza e uso.

2.- Os elementos contedores de residuos serán tratados e manipulados tanto polos usuarios como polo persoal de recollida con coidado de non causarlles dano.

3.- Tratándose de elementos contedores de propiedade pública, os servicios municipais procederán á súa renovación, podéndose imputalo cargo correspondente ó usuario cando quedara inutilizado para o servicio. Tratándose de elementos contedores de propiedade privada, os servicios municipais poderán esixila súa renovación cando estén fóra de uso a xuízo dos servicios de inspección correspondente.

4.- Nos supostos contemplados nos números 1 e 3 anteriores, os servicios municipais poden proceder á limpeza dos elementos contedores sucios, así como impoñela súa renovación, retirando incluso o contedor inservible e substituíndoo por outro

novo. Tanto no caso de limpeza como de substitución poderase imputalo custe do servicio ou responsable de acordo co que sinalen as Ordenanzas fiscais e sen prexuízo de impoñela sanción pertinente.

Artigo 64.-

1.- A fin de que o lixo sexa retirado polos vehículos do servicio de recollida, os usuarios depositaranas mediante os elementos de contención correspondentes, na beirarrúa o máis cerca posible do bordo da rúa.

2.- O Concello poderá establecer con carácter permanente ou transitorio, puntos de libramento e acumulación de residuos distintos dos sinalados no número 1 anterior, estes espacios de acumulación de residuos serán debidamente sinalados polos servicios municipais. O usuario estará obrigado a cumprir tódalas instrucións que se dicten ó respecto por parte da Autoridade municipal.

3.- De conformidade co que sinala o número 2 anterior, o Concello poderá establecer tamén vados e reservas especiais de espacio urbán para carga, descarga e demais operacións necesarias para a colocación de contedores de lixo.

Artigo 65.-

1.- Nas zonas onde o Concello establece a recollida de lixo mediante o uso de contedores fixos na rúa, os cidadáns coidarán de non impedir-las operacións correspondentes á súa carga, descarga e traslado. A Alcaldía a proposta dos servicios municipais, sancionará a quen coa súa conducta causen impedimento á prestación do servicio de retirada ou á reposición dos contedores.

2.- No caso de recollida mediante o uso de contedores a que fai referencia o número 1 anterior, os usuarios obríganse a depositalos lixos dentro dos mesmos, segundo as normas establecidas, prohibíndose o abandono dos residuos nos arredores das zonas habilitadas para a colocación destes elementos de contención.

Artigo 66.-

De conformidade co establecido no apartado c) do artigo 57 da presente Ordenanza, o persoal ó servicio da recollida devolverá ós puntos de orixe de libramento, os contedores, caldeiros, baldes e restantes elementos de contención para lixo, unha vez que se vaciasen.

Capítulo III. Do uso de instalacións fixas para lixos.

Artigo 67.-

Prohíbese a evacuación de residuos sólidos e líquidos (aceites, graxas, pinturas, disolventes, medicamentos, etc.) pola rede de sumidoiro.

Artigo 68.-

1.- Polo seu carácter contaminante e destructor de recursos prohíbese a instalación de incineración de RU.

2.- Non obstante, a instalación de incineradores domésticos para lixo, esixirá autorización previa outorgada polos servicios municipais correspondentes.

3.- Non se autoriza o libramento ós servicios de recollida domiciliaria, de lixo previamente tratado mediante instalacións destinadas a aumentala súa densidade se os interesados non obtiveran antes autorización outorgada polos servicios municipais.

Artigo 69.-

1.- Tódolos edificios para vivendas, locais industriais e demais establecementos a que fan referencia as letras f), g), h) i) do artigo 49 desta Ordenanza, que sexan de nova edificación, deberán dispoñer dun espazo pechado de dimensións suficientes para a acumulación e almacenamento do lixo diariamente producido.

2.- Nas edificacións construídas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, deberá habilitarse o espazo para lixo a que fai referencia o número 1 anterior, se as condicións de prestación do servicio o fixeran esixible.

3.- A acumulación de lixo no espazo a que fai referencia o número 1 anterior, farase mediante o uso de elementos de contención estancos e perfectamente pechados.

4.- O espazo para lixo e elementos de contención destinados á acumulación destas deberán manterse en perfectas condicións de hixiene e limpeza.

5.- As características de construción e condicións que deberán cumprir os espazos e conductos a que fai referencia o presente artigo e o 68 seguinte), serán fixadas por unha Norma técnica municipal, que establecerá a Alcaldía e se fará pública polos servicios municipais.

Artigo 70.-

1.- Os conductos de uso colectivo para evacuación de lixo, instalados ou a instalar nos edificios de vivendas, deberán cumprir a Norma Técnica Municipal correspondente, así como as restantes disposicións vixentes sobre edificación.

2.- Tanto os edificios coma as urbanizacións, deberán presentar conxuntamente coa solicitude de licencia e suxeito así mesmo a autorización, un proxecto detallado e dimensionado da instalación fixa para a ubicación dos RSU producidos nos mesmos.

3.- Prohíbese votar por conductos colectivos de evacuación de lixo, materiais residuais sen protexer, así como verter residuos en forma líquida ou susceptible de licuación.

O libramento do lixo farase en todo caso coidando do mantemento físico e hixiénico destas conduccións.

Artigo 71.-

1.- As escorias e cinzas dos xeradores de calor poderán ser retirados polo Concello a petición dos interesados, ós que lles pasará o correspondente cargo.

2.- Non se aceptará a recollida de escorias de edificios se as mesmas non se depositan en recipientes homologados polo Concello e se estas non se enfriaron previamente.

Artigo 72.-

Da creación dunha rede de infraestruturas para a selección en orixe cara á revalorización por reutilización, recíclase e compostaxe das partes separables dos RSU.

A.- As urbanizacións, deberán centralizalos RSU producidos na mesma nas denominadas: "ÁREAS DE RECUPERACIÓN".

a) Funcións específicas.

1.- Ofertar unha infraestrutura que posibilite a selección en orixe das distintas partes separables dos RSU.

2.- Centraliza-los RSU da urbanización en poucos puntos:

- Facilitando a recollida.
- Evitando a indesexada presenza dispersa de contedores.
- Posibilitando o mantemento das condicións hixiénicas dos equipos de contedores.
- Evitando o ruído e demais molestias ó vecindario, derivadas do tránsito dos camións de recollida e as labores de carga e descarga dos contedores.

b).- Características as seguintes:

- Ubicadas en zonas de acceso das urbanizacións.
- Na maior lonxanía posible da zona habitada.
- Provista de contedores suficientes para os requirimentos da urbanización a

plena ocupación.- Con contedores diversos para: residuos orgánicos, vidros, papel, plásticos, tóxicos, domésticos, metais, pilas, instalación de limpeza e espazo para voluminosos.

- Recinto pechado, rodeado de seto e vexetación por tres lados, sen acceso para menores, e facilmente practicable para o Servicio Municipal de recollida de lixo.

- Os servicios Técnicos Municipais poderán dispoñer de modelos.

B.- As novas edificacións -deberán presentar conxuntamente coa solicitude de Licencia plano detallado e dimensionado da zona de recepción dos RSU producidos polo mesmo.

C.- O Concello promocionará a construción de ÁREAS DE RECUPERACIÓN, dimensionadas e das características expostas de uso público, situadas en zonas de tránsito interparroquial que facilite a súa utilización.

D.- Criterios de adaptación.-

O Concello fixará os períodos de adaptación a esta Normativa para as urbanizacións xa existentes no momento da súa aprobación.

Capítulo IV.- Dos Servicios de Recollida Sectorial de Resíduos.

Artigo 73.-

O Concello poderá establece-los servicios de recollida sectorial de residuos urbanos que teña por conveniente, tales como:

- a) A recollida de mobles, enseres domésticos, trastes vellos e elementos residuais rexeitados polos cidadáns en actividade de reparación ou substitución do seu equipamento doméstico.
- b) A recollida dos animais domésticos mortos.
- c) A recollida de vehículos fóra de uso.
- d) As escorias das instalacións de calefacción domésticas a cargo do interesado serán en recipientes homologados.
- e) A recollida do vidro.
- f) A recollida de papel para reciclar.

g) A recollida de pilas.

Artigo 74.-

1.- Os contedores fixos na rúa quedan exclusivamente reservados para a prestación do correspondente servizo sectorial de residuos. Prohíbese depositar nos ditos contedores, materiais residuais distintos dos expresamente consignados en cada caso. Os infractores serán sancionados.

2.- Prohíbese revolver nos obxectos e residuos depositados nos contedores para trastes. Os infractores poderán ser sancionados.

3.- Dentro do Programa anual de recollida de residuos ó que se refire o número 1 do artigo 81, os servizos municipais informarán ós cidadáns das condicións e modalidades de prestación dos servizos de recollida sectorial de residuos.

Artigo 75.-

1.- De acordo co establecido pola Lei 42/1975 do 19 de novembro, os vehículos abandonados teñen a categoría de residuos sólidos urbanos, sendo competencia do Concello a recollida e eliminación dos xerados dentro do Termo Municipal de Rianxo.

2.- O Concello asume a propiedade sobre os vehículos abandonados, nos casos seguintes:

- cando, a xuízo dos servizos municipais, as condicións do vehículo fagan presumir abandono e se cumpran os prazos e disposicións legais establecidas.

- Cando o propietario o declare residual, renunciando á súa propiedade en favor do Concello.

- Exclúense da consideración de abandonados os vehículos sobre os que recaia orde xudicial, coñecida polo Concello para que permanezan na mesma situación. A autoridade municipal poderá recaba-la adopción de medidas en orde ó ornato.

Artigo 76.-

1.- Efectuada a retirada e depósito do vehículo, o Concello notificará ó titular ou a quen resultare o seu lexítimo propietario, de acordo co artigo 80 da Lei de Procedemento Administrativo.

2.- Na notificación solicitarase ó titular que manifieste se deixa o vehículo a disposición do Concello, que adquirirá a súa propiedade, ou ben opta por facerse cargo do mesmo para a súa eliminación, apercibíndolle que, no caso de silencio, entenderase que opta pola primeira das posibilidades. Si se descoñece o propietario, a notificación efectuarase conforme ás normas xerais.

3.- Os propietarios de vehículos que opten por facerse cargo dos mesmos deberán soportar os gastos de recollida, transporte, depósito e, no seu caso, eliminación.

Artigo 77.-

1.- Queda prohibido o abandono de vehículos fóra de uso na vía pública. Os seus propietarios son responsables da recollida e eliminación dos seus restos.

2.- Quen voluntariamente desexen desprenderse dun vehículo poden solicitalo ó Concello mediante escrito ó que achegarán a documentación e baixa relativa ó mesmo.

Os gastos de recollida e transporte serán por conta do Concello.

Capítulo V.- Do aproveitamento e da recollida selectiva dos materiais residuais contidos nos lixos

Artigo 78.-

1.- Unha vez depositados os desfeitos e residuos na rúa, dentro dos elementos de contención autorizados, en espera de ser recollidos polos servizos municipais, adquirirán o carácter de propiedade municipal, de acordo co disposto na Lei 42/75, do 19 de novembro, sobre residuos

sólidos urbanos.

2.- Ós efectos de recollida selectiva, a propiedade municipal sobre os desfeitos e residuos sólidos urbanos a que fai referencia o número 1 anterior será adquirida no momento en que os materiais residuais sexan librados na vía pública.

3.- Ninguén se pode dedicar á recollida ou aproveitamento de desfeitos de calquera tipo de residuos sólidos urbanos sen previa autorización. Prohíbese seleccionar, clasificar e separar calquera clase de material residual depositado na vía pública en espera de ser recollido polos servizos municipais, agás no caso de dispoñer de licenza expresa outorgada polo Concello.

Artigo 79.-

1.- O Concello mediante os servizos municipais poderán levar a cabo experiencias e actividades en materia de recollida selectiva que teña por conveniente, introducindo ó efecto as modificacións necesarias na organización do servizo de recollida de lixo.

2.- O Concello poderá favorecer e fomenta-las iniciativas privadas ou públicas para valoriza-los residuos que a xuízo dos servizos municipais teñan posibilidades de alcanza-los resultados positivos para o Concello. En ningún caso terán a consideración de recollida selectiva as iniciativas que teñan por obxectivo o lucro privado.

3.- O Concello no exercicio das súas potestades e despois de escoitar ós interesados, poderá establecer un réxime especial de axudas económicas, destinadas a posibilita-las campañas de recollida selectiva de residuos.

Artigo 80.-

1.- O Concello establecerá a recollida de lixo domiciliaria, en tódalas modalidades, coa frecuencia e horarios que considere máis idónea para os intereses do Concello.

2.- O Concello poderá introducir en todo momento as modificacións ó programa de servizos de recollida que, por motivos de interese público, teña por convenientes.

3.- Os servizos municipais farán pública ca suficiente antelación calquera cambio no horario, a forma ou a frecuencia do servizo, con excepción das disposicións dictadas pola Alcaldía en situación de emerxencia.

Artigo 81.-

1.- O lixo depositarase desde unha hora antes da prestación do servizo.

2.- Prohíbese o depósito fóra do horario establecido no párrafo anterior.

3.- A noite do domingo ó luns non se presta o servizo de recollida de lixo; polo tanto prohíbese o depósito de lixo dende a hora que se recolla o sábado ata unha hora antes da recollida do luns.

4.- Os infractores ó establecido nos números anteriores deste artigo, serán sancionados.

Título V.- Da recollida, transporte e vertido de terras e cascallos.

Capítulo I.

Artigo 82.-

1.- O presente Título regulará, en todo o non previsto nos Títulos II, e IV da presente Ordenanza, as seguintes operacións:

a) O libramento, carga, transporte, acumulación e vertido dos materiais residuais sólidos

cualificados como terras e cascallos.

b) A instalación na vía pública de contedores para obras destinados á recollida e transporte de terras e cascallos.

2.- As disposicións deste Título V non rexerán para as terras e outros materiais asimilables cando sexan destinados á venda ou subministración para traballos de obra nova. Sí serán aplicables tódalas prescricións que establece a presente Ordenanza en canto á prevención e corrección da sucidade na vía pública producida a consecuencia da carga, descarga e transporte dos citados materiais.

Artigo 83.-

Ós efectos da presente Ordenanza, terán a consiñeración de terras e cascallos os seguintes materiais residuais:

1.- As terras, pedras e materiais similares que proveñan de excavacións.

2.- Os residuos resultantes de traballos de construción, demolición, derrubo e, en xeral, tódolos sobrantes de obras maiores e menores que excedan de 20 litros diarios.

3.- Calquera material residual asimilable ós anteriores e os que en circunstancias especiais determine a Alcaldía.

Artigo 84.-

A intervención municipal en materia de terras e cascallos terá por obxecto evitar que, a consecuencia das actividades expresadas se produzan:

1.- O vertido incontrolado dos ditos materiais ou efectuado en forma inadecuada.

2.- O vertido en lugares non autorizados.

3.- A ocupación indebida de terreos ou bens de dominio público.

4.- O deterioro dos pavimentos e restantes elementos estruturais do Concello.

5.- A sucidade da vía pública e demais superficies do Termo Municipal de Rianxo.

Artigo 85.-

O Concello fomentará o vertido de terras para a recuperación da fertilidade de espazos despídos, e o vertido de cascallos como elemento de recreo ou aillante baixo obras fixas, substituíndo as capas fértiles de terra. Terras e cascallos por separado son susceptibles de reutilización e reciclaxe.

Capítulo II.- Da utilización de contedores para obras.

Artigo 86.-

O Concello poderá esixir a utilización de contedores cando as circunstancias e o interese xeral así o demanden.

Artigo 87.-

1.- A colocación de contedores para obras está suxeita a licenza municipal que será outorgada polos servizos municipais correspondentes.

2.- Os contedores para obras situadas no interior acotado de zonas de obras non precisarán licenza; nembargantes, nos restantes requisitos deberán axustarse ás disposicións da presente Ordenanza.

3.- As Ordenanzas Fiscais regularán o pago da taxa correspondente á colocación dos contedores na

vía pública.

Artigo 88.-

Os contedores para obras só se poderán utilizar polos titulares da licencia á que fai referencia o artigo anterior. Ningunha persoa pode efectuar vertidos de ningunha clase no contedor, de non mediar autorización do titular da licencia. Os infractores serán sancionados.

Artigo 89.-

Ós efectos do establecido nos artigos 93 e 94 desta Ordenanza, os contedores para obras poderán ser de dous tipos: normais e especiais. As condicións que deberán cumprilos contedores para obras fixaranse pola norma técnica municipal que establecerá a Alcaldía e que farán pública os servicios municipais.

Artigo 90.-

1.- Os contedores para obras están obrigados en todo momento a presentar no seu exterior de maneira perfectamente visible se así se establece:

a) O nome ou razón social e teléfono do propietario ou da empresa responsable.

b) O número de rexistro do industrial transportista e o número de identificación do contedor a que fai referencia o artigo 104, ámbolos dous números facilita os servicios municipais.

c) O indicativo municipal correspondente ó pago da taxa a que fai referencia o número 3 do artigo 87.

2.- Os contedores para obras deberán estar pintados de cores que destaquen pola súa visibilidade podendo establecerse pola Autoridade Municipal uns determinados cores.

Artigo 91.-

1.- Unha vez cheos, os contedores para obras deberán ser tapados inmediatamente de modo adecuado, de forma que non se produzan vertidos ó exterior de materias residuais.

2.- Igualmente é obrigatorio tapa-los contedores ó finaliza-lo horario de traballo.

Artigo 92.-

1.- As operacións de instalación e retirada dos contedores para obras deberán realizarse de modo que non causen molestias para os cidadáns.

2.- Os contedores de obras deberán utilizarse ou manipularse de modo que o seu contido non se verta á vía pública ou non poida ser levantado ou espallado polo vento.

En ningún caso o contido de materiais residuais excederá do nivel máis baixo do seu límite superior.

3.- Ó retira-lo contedor, o titular da licencia de obras deberá deixar en perfectas condicións de limpeza a superficie da vía pública ocupada.

4.- O titular da licencia de obras será responsable dos danos causados ó pavimento da vía pública, debendo comunica-lo inmediatamente ós servicios municipais correspondentes no caso de térense producido, e correrán ó seu cargo as reparacións dos danos causados.

Artigo 93.-

Nas rúas normais con calzada e beirarrúas pavimentadas unicamente se permitirá a colocación e a utilización de contedores normais. Os contedores especiais só se autorizarán en casos excepcionais, debidamente xustificados con licencias especiais, sempre que se depositen en amplias zonas libres e sobre chans sen pavimentar. Tamén se poderán utiliza-los contedores

especiais en traballos viais que se sitúen dentro da zona pechada de obras e sempre que a súa colocación non supoña incremento da superficie da zona.

Artigo 94.-

Os contedores situaranse, se fose posible, no interior da zona pechada de obras e, noutro caso, nas beirarrúas das vías públicas cando éstas teñan dous ou máis metros de ancho. De non ser así, deberá de solicitarse a aprobación da situación proposta.

2.- En todo caso deberán observarse na súa colocación as prescricións seguintes:

- a) Situaranse preferentemente diante da obra á que serven ou tan cerca como sexa posible.
- b) Deberán situarse de modo que non impidan a visibilidade dos vehículos, especialmente nos cruces, respectando as distancias fixadas para estacionamentos polo Código da Circulación.
- c) Non poderán situarse nos pasos de peóns nin diante deles, así como nos vados nin nas reservas de estacionamento e parada, excepto cando estas reservas foran solicitadas para a mesma obra; tampouco poderán situarse nas zonas de prohibición de estacionamento.
- d) En ningún caso poderán ser colocados total ou parcialmente sobre as tapas de acceso dos servizos públicos, sobre as bocas de incendios, alcorques das árbores nin, en xeral, sobre ningún elemento urbanístico, cunha utilización que poidera dificultar en circunstancias normais ou en caso de emerxencia.
- e) Tampouco poderán situarse sobre as beirarrúas cun largo, deducido o espazo ocupado polos valos, no seu caso, que non permita unha zona de libre paseo dun metro como mínimo unha vez colocado o contedor.

3.- Serán colocados en todo caso de modo que o seu lado máis longo estea situado en sentido paralelo á beirarrúa.

4.- Cando os contedores estean situados na calzada deberán colocarse a 0,20 m. da beirarrúa, de modo que non impidan que as augas superficiais alcancen e discorran polo escorredor ata o embornal máis próximo, debendo protexerse cada contedor como mínimo por tres conos de tráfico colocados na vía pública en liña oblicua polo lado do contedor máis próximo ó da circulación.

5.- Na beirarrúa, deberán ser colocados no bordo desta sen que ningunha das súas partes sobresaia da liña do encintado.

Artigo 95.-

Cando os contedores deban permanecer na rúa durante a noite, deberán levar incorporadas as sinais reflectantes ou luminosas para facelos indetectables.

Artigo 96.-

Os contedores para obras serán retirados da vía pública:

- 1.- Ó expira-lo termo da concesión da licenza de obra.
- 2.- En calquera momento, a requirimento dos Axentes da Autoridade Municipal.
- 3.- En canto estean cheos, para proceder ó seu vaciado e sempre dentro do mesmo día no que se producise a autorización.

Capítulo III.- Do libramento e vertido de terras e cascallos.

Artigo 97.-

1.- O libramento de terras e cascallos por parte dos cidadáns, poderase efectuar das maneiras seguintes:

a) O servizo de recollida de lixo domiciliar mediante un elemento de contención homologado, cando o volume de entrega diario non sobrepase os vinte litros.

b) Directamente nos contedores de obras colocados na vía pública, contratados a seu cargo, respectando o sinalado no artigo 88.

c) Directamente nos lugares de acumulación de terras e cascallos establecidos para tal efecto polos servizos municipais, cando o volume de libramento sexa inferior a un metro cúbico.

d) Directamente nos lugares de vertido definitivo habilitados polos servizos municipais, situados dentro ou fora do Termo Municipal de Rianxo, cando o volume de libramento sexa igual ou superior a un metro cúbico, xa procedan os materiais de obras maiores ou menores.

2.- En tódolos libramentos de terras e cascallos a que fai referencia o número 1 anterior, o promotor da obra será responsable da sucidade que se ocasionase na vía pública, estando obrigado a deixar limpo o espazo urbano afectado en intervalos non superiores a dúas horas e ó remata-las obras.

Artigo 98.-

1.- Nos casos sinalados nos apartados b), c) e d) do artigo anterior, será preceptiva a obtención de licenza municipal de obras.

2.- Será excepción ó disposto no número 1 anterior, o libramento realizado nos lugares de acumulación de terras e cascallos establecidos polos servizos municipais cando o volume libre diariamente non sobrepase os 120 litros e sexa efectuado polos veciños dun Concello a quen, a efectos estadísticos, se lles poderá esixir identificación.

Artigo 99.-

Prohíbese a evacuación de toda clase de desfeitos e residuos mesturados coas terras e cascallos con excepción do disposto no apartado a) do número 1 do artigo 97.

Artigo 100.-

1.- No que respecta ó libramento e vertido de terras e cascallos, prohíbese:

a) Depositar nos contedores de obra, residuos que conteñan materiais inflamables, explosivos, nocivos ou perigosos, susceptibles de putrefacción ou de produciren cheiros, e toda clase de materiais residuais que por calquera causa poidan causar molestias ós veciños ou usuarios da vía pública.

b) Depositar mobles, enseres trastos vellos e calquera material residual similar nos contedores de obras.

c) Verte-los en terreos de dominio público municipal que non fora expresamente autorizado polo Concello para tal finalidade.

d) Verte-los en terreos de propiedade particular ou pública agás cando se dispoña de autorización expresa do titular do dominio, que deberá de acreditarse ante a Autoridade municipal.

2.- Nos terreos de propiedade particular ou pública a que fai referencia o apartado d) anterior prohibírase o vertido aínda que se dispoña de autorización do titular cando:

a) Poidan producir alteracións substanciais da topografía do terreo, agás que se outorgara previa licenza municipal.

b) Poidan producirse danos a terceiros ou o medio ambiente, ou ben afecte á hixiene pública ou ó ornato do Concello, a consecuencia das operacións de descarga ou vertido dos ditos materiais.

3.- Serán sancionados os que infrinxan o disposto nos números 1 e 2 anteriores.

Capítulo IV.- Do transporte de terras e cascallos.

Artigo 101.-

1.- Para transporte de terras e cascallos polas vías urbanas poderá fixa-la Autoridade Municipal os horarios e itinerarios.

2.- O disposto nas presentes Ordenanzas enténdese sen prexuízo do deber dos transportistas de dar cumprimento ó disposto polo Código da Circulación e a Lei do Solo.

Artigo 102.-

1.- Os vehículos nos que se efectúe o transporte de terras e cascallos reunirán as debidas condicións para evita-lo vertido do seu contido sobre a vía pública.

2.- Na carga dos vehículos adoptaranse as precaucións necesarias para impedir que se lixe a vía pública.

3.- Non se permite que os materiais transportados sobrepasen os extremos superiores. Non se permite tampouco a utilización de complementos adicionais non autorizados para aumenta-las dimensións ou a capacidade de carga dos vehículos e contedores.

4.- Os materiais transportados deberán ser cubertos e protexidos de modo que non se desprenda pó mom se produzan vertidos de materiais residuais.

Artigo 103.-

1.- Os transportistas de terras e cascallos obríganse a proceder á limpeza inmediata do tramo de vía afectada, no suposto de que a vía pública se lixase a consecuencia das operacións de carga e transporte.

2.- Tamén quedan obrigados a retirar en calquera momento e sempre que sexan requiridos pola Autoridade municipal, as terras e escombros vertidos en lugares non autorizados.

3.- Os servicios municipais poderán proceder á limpeza da vía pública afectada e á retirada dos materiais vertidos a que a que fan referencia os números 1 e 2 anteriores, sendo imputados ós responsables os custos correspondentes, sen prexuízo da sanción oportuna.

4.- En canto ó disposto no número 3 anterior serán responsables solidarios os empresarios e promotores das obras e traballos que orixinaran o transporte de terras e cascallos.

Artigo 104.-

1.- O Concello de Rianxo poderá crear un Rexistro de transportistas de terras e escombros, nos que terán que inscribirse tódolos industriais transportistas de terras e escombros que traballen en Rianxo.

2.- Así mesmo os industriais a que se refire o número 1 anterior obríganse a inscribi-los seus contedores para obras a fin de obter para cada un deles o número de identificación correspondente.

Capítulo V.- Das licencias de obras, no que atinxe á limpeza.

Artigo 105.-

A concesión de licencia de obras levará aparellada en canto se refire á produción de terras e cascallos, a autorización correspondente para:

a) Producir cascallos.

b) Transportar terras e cascallos polo Concello nas condicións establecidas nos artigos 102, 103 e 104 da presente Ordenanza.

c) Descarga-los ditos materiais no lugar de acumulación ou vertidos final de residuos que ó efecto

se indicará polos servicios municipais.

Artigo 106.-

O pagamento da taxa correspondente á licenza de obras poderá incluír a carga fiscal municipal correspondente a:

a) O transporte de terras e cascallos polo Concello.

b) O servizo de eliminación no lugar situado dentro ou fora do termo municipal de Rianxo indicado polos servicios municipais.

Capítulo VI.- Horario.

Artigo 107.-

1.- O libramento de terras e cascallos ós servizos de recollida domiciliaria a que se refire o número 1 do artigo 97, farase dentro do horario establecido para o dito servizo.

2.- A deposición de terras e cascallos nos contedores farase durante as horas en que non cause molestias ó vecindario.

3.- Prohíbese permanencia na rúa dos contedores para obras desde o mediodía do sábado ata as sete horas do luns seguinte.

4.- Serán sancionados os infractores ó disposto no número 3 anterior, agás que, ante circunstancias excepcionais obtivesen autorización expresa dos servizos municipais correspondentes.

Título VI.- Da recollida e transporte dos residuos industriais e especiais.

Capítulo I.- Condicións xerais e ámbito de aplicación.

Artigo 108.-

1.- Dacordo co disposto no número 4 do artigo 1 desta Ordenanza, o presente Título regulará as condicións nas que se levará a cabo no Concello de Rianxo a recollida e transporte dos residuos industriais e especiais, sexan estas operacións efectuadas polos servizos municipais ou realizadas polos particulares.

2.- Ós efectos de aplicación da Ordenanza, entenderase por recollida e transporte, o conxunto das operacións seguintes:

a) O libramento de residuos na vía pública.

b) A carga dos residuos sobre o vehículo de transporte, efectuada no interior do establecemento librador ou na vía pública. A carga entenderase igualmente tanto se é mediante o valeirado do elemento contedor dos residuos no camiión como si se procede á súa carga directa.

c) O transporte de residuos propiamente ditos ata o punto de destino autorizado.

d) No seu caso as operacións correspondentes ó trasvase dos residuos.

3.- Terán a categoría de residuos industriais os que se sinalan nos números 1, 2 e 7 do artigo 50 desta Ordenanza.

4.- Tamén terán a categoría de residuos industriais os residuos urbanos cando, polas condicións da súa presentación, volume, peso, cantidade de libramento diario, contido de humidade e outras, resulta que a xuízo dos servizos municipais non poden ser obxecto de recollida de residuos urbanos.

5.- Toda empresa, industria, hospital, clínica ou calquera establecemento produtor de residuos non asimilables ós RSU deberá presentar conxuntamente coa solicitude da Licencia unha relación cualificada e cuantificada dos residuos e un Plan de reutilización reciclado, ou eliminación non contaminante dos mesmos.

Artigo 109.-

1.- Terán a categoría de residuos especiais ou perigosos tódolos que presenten características de toxicidade, velenosos, inflamables, explosivos, corrosivos, canceríxenos ou calquera outra que comporte perigo para o home ou o medio ambiente.

2.- Os residuos radioactivos non son obxecto da presente ordenanza.

Artigo 110.-

1.- O libramento e transporte de residuos industriais e especiais na vía pública farase sempre mediante elementos de contención ou de transporte perfectamente pechados de maneira que non se produzan vertidos nin dispersións de pó no exterior. No caso de producírense tales vertidos os responsables obríganse a limpa-lo espacio cidadán que se vise afectado, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda nin da responsabilidade civil ou penal a que houbera lugar.

2.- No caso de presunta responsabilidade criminal, o Concello interporá a correspondente acción penal ante a Xurisdicción competente.

Artigo 111.-

1.- Para o transporte, a carga dos residuos industriais e especiais sobre o vehículo farase no interior do establecemento librador. Só nos casos de manifesta imposibilidade poderá efectuarse na vía pública.

2.- Tratándose de residuos perigosos, a carga na vía pública esixirá previa autorización municipal.

3.- Non se permitirá a permanencia de residuos industriais e especiais na vía pública por tempo superior a unha hora. Os libradores están obrigados á súa custodia ata que se tivese producido a recolleita.

4.- Unha vez valeirados os elementos de contención de residuos industriais e especiais deberán retirarse inmediatamente da vía pública.

Artigo 112.-

1.- Os produtores posuidores e terceiros autorizados que produzan, manipulen ou transporten residuos industriais e especiais obríganse a facilitar ó Concello canta información lles sexa requirida sobre a orixe, natureza, composición, características, cantidade, forma de evacuación, sistema de pretratamento ou tratamento definitivo e destino final dos residuos de que se trate.

2.- As persoas ás que obriga o número 1 anterior, están así mesmo obrigadas en todo momento a facilitar ó Concello as actuacións de inspección, vixilancia e control que este teña por conveniente realizar.

Artigo 113.-

1.- Asumirán o carácter de propiedade municipal de acordo co establecido na Lei 42/75 do 19 de novembro, os residuos industriais e especiais que foran librados e recollidos polos servizos municipais correspondentes.

2.- Ós efectos de responsabilidade civil ou penal, os residuos industriais ou especiais recollidos e transportados por terceiros non terán en ningún caso carácter de propiedade municipal.

Capítulo II.- Da prestación municipal do servizo de recollida e transporte de

Artigo 114.-

1.- A recollida e transporte dos resíduos industriais e especiais pode ser levada adiante directamente polos servizos municipais ou por terceiros debidamente autorizados.

2.- A xestión dos resíduos industriais e especiais poderá facerse polo Concello de forma directa ou indirecta.

Artigo 115.-

1.- De conformidade coa Lei 42/95 de 19 de novembro, o Concello poderá esixir coa prestación do servizo de recollida e transporte de resíduos industriais e especiais, que os seus produtores ou posuidores efectúen o adecuado tratamento a fin de posibilita-la prestación do servizo en condicións de total seguridade.

2.- Os servizos municipais non aceptarán os resíduos industriais e especiais que pola súa natureza ou forma de presentación non poidan ser recollido polos servizos normais do Concello.

3.- No caso de que o produtor ou posuidor de resíduos a que fai referencia o número 2 anterior teña necesidade de desprenderse delas, o comunicara previamente ós servizos municipais a fin de que estes poidan determina-la forma de recollida, transporte e tratamento que considere máis apropiada.

Artigo 116.-

O servizo de recollida e transporte de resíduos industriais e especiais poderase prestar polo Concello ou particulares con carácter contínuo ou ocasional. Para a prestación ocasional do servizo, o usuario formulará a correspondente petición ós servizos municipais que as atenderán por rigoroso orde de recepción, dando preferencia ós casos que poidan supoñer risco para a saúde pública ou o medio ambiente.

Artigo 118.-

Para a prestación do servizo de recollida e transporte de resíduos industriais e especiais, os usuarios aboarán a taxa que ó respecto fixe a Ordenanza Fiscal de Saneamento.

Capítulo III.- Da recollida e transporte de resíduos industriais e especiais, efectuada polos particulares.

Artigo 119.-

1.- A recollida e transporte de resíduos industriais e especiais levada a cabo polos particulares está suxeita a licenza municipal.

2.- Así mesmo, os particulares que recollan ou transporten resíduos industriais e especiais obríganse a facilitar ó Concello a relación e as características dos vehículos afectos ás ditas operacións.

3.- Os elementos de carga, recollida e transporte para resíduos industriais e especiais dos particulares, deberán cumprir tódalas condicións esixidas pola lexislación vixente para o transporte e circulación, en particular o Regulamento do Transporte de Mercancías Perigosas por Estrada.

Artigo 119.-

Os produtos e posuidores de resíduos industriais e especiais que os librasen a terceiros que non obtiveran a licenza municipal de recollida a que fai referencia o artigo 118, responderán solidariamente con aquel de calquera dano que poidera producirse a causa dos resíduos. Tamén serán solidarios da sanción que se derivase do incumprimento do prescrito.

Capítulo IV.- Dos resíduos perigosos.

Artigo 120.-

Dacordo co que establece a Lei 42/75 do 19 de novembro cando o Concello considere que é

perigoso un determinado tipo de resíduo conforme o que sinalan os números 1 e 2 do artigo 109 da presente Ordenanza, poderá esixir do seu produtor ou posuidor que, con anterioridade á recollida xa sexa efectuada polos servizos municipais ou por terceiros autorizados, realice o tratamento necesario para elimina-la característica que lle confira a natureza de perigoso, ou para transformalo nun material que poida ser recollido, transportado, tratado ou eliminado sen perigo para as persoas e o medio ambiente.

Artigo 121.-

1.- Os vehículos e medios de recollida e transporte para residuos perigosos, están suxeitos a revisión técnica municipal que se levará a cabo anualmente ou en calquera momento a indicación da Autoridade municipal.

2.- O Concello, pola súa propia autoridade ou mediante denuncia á Autoridade competente, procederá a inmovilizar aqueles vehículos e cargas, que non reunindo as debidas condicións de seguridade poideran representar grave perigo para a saúde pública ou do medioambiente.

Título VII.- Infraccións. Sancións. Procedemento sancionador.

Capítulo I.

Artigo 122.-

A vulneración do disposto na presente Ordenanza pode dar lugar a:

1.- A adopción por parte da Administración Municipal das medidas precisas para que se proceda á restauración da realidade física alterada ou transformada como

2.- As sancións unicamente poderán impoñerse previa tramitación do correspondente expediente sancionador.

3.- A obrigaón de indemniza-los danos e prexuízos será a cargo dos responsables.

consecuencia das citadas actuacións, utilizándose no seu caso a execución subsidiaria de conformidade co disposto no artigo 100 e seguintes da Lei de Procedemento Administrativo.

Artigo 123.-

Constituirá infracción toda vulneración das prescricións contidas na presente Ordenanza. A sanción administrativa imporase, no seu caso, con independencia da valoración penal do feito polos Tribunais de Xustiza, así como as medidas que adopten en orde á reparación dos danos e prexuízos causados pola infracción cometida.

Artigo 124.-

As infraccións califícanse en graves e leves, para a súa graduación valoraranse as circunstancias seguintes:

- Grado de intencionalidade.
- A natureza da infracción.
- A capacidade económica do titular da actividade.
- A gravidade do dano producido.
- O grao de malicia, participación e beneficio obtido.

- A irreversibilidade do dano producido.
- A categoría do recurso afectado.
- Os factores atenuantes ou agravantes.
- A reincidencia.

Terán carácter grave as accións e omisións que quebrantando o preceptuado nesta Ordenanza, supoñan non só o que se poderá calificar como comportamento incívico, senón que afecta ós bens do servizo e uso público municipal, causándolles un dano directo e de importancia ou cando exista un risco certo e igualmente importante. Así mesmo, terá carácter grave a reincidencia e reiteración de condutas incívicas. Considerarase reincidente o titular da actividade, que fora sancionado anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses anteriores.

Artigo 125.-

Terán o carácter de leves, as infraccións das que a súa comisión supoñan comportamentos contrarios ós usos e costumes e á boa educación, sen que causen un dano directo e de importancia ós bens de dominio público.

Artigo 126.-

O procedemento sancionador poderase iniciar:

1.- De oficio por parte dos servizos municipais competentes como consecuencia no seu caso, do exercicio dos seus deberes de inspección e vixilancia.

2.- A instancia de parte afectada polo feito, ou a instancia de calquera cidadán ou entidade radicada no Concello. A tales efectos, os particulares que inicien accións neste senso, serán recoñecidos como "interesados" no procedemento ós efectos previstos na Lei de Procedemento Administrativo.

Artigo 127.-

A Policía Local, no exercicio das súas funcións, deberá denuncia-las infraccións que desta Ordenanza observen. Na denuncia deberá constar a identidade do denunciado, a suposta infracción cometida, con expresión do lugar, data e hora e demais datos que conduzan a unha maior clarificación da infracción. Como normal xeral, as denuncias formuladas pola Policía Local, notificaranse no acto ó denunciado, facendo constar nas mesmas os datos que se esixen no párrafo anterior. Por razóns xustificadas, que deberán figurar na propia denuncia, poderá notificarse con posterioridade.

Artigo 128.-

Os órganos competentes do Concello serán os instructores do expediente e deberán notifica-las denuncias, senón se tivera feito polo denunciante ó presunto infractor, concedéndoselle un prazo de 15 días para que alegue canto considere conveniente á súa defensa e propoña as probas que estime oportunas. Das alegacións do denunciado darase traslado ó denunciante para que informe no prazo de 15 días. Cumprido este trámite elaborárase a Proposta de Resolución, polo órgano municipal correspondente, dándose audiencia ó interesado por un prazo de 10 días, transcorridos os cales, elevarase a definitiva a Proposta.

Capítulo III.- Das infraccións e Sancións.

Artigo 129.-

1.- As sancións por infracción da presente Ordenanza poderán aplicarse de forma independente ou conxunta.

2.- Para a exacción das sancións por infracción ás prescricións desta Ordenanza en defecto de pago voluntario ou acatamento da sanción imposta, seguirase o procedemento administrativo de apremio.

3.- Cando para a protección dos distintos aspectos contemplados nesta Ordenanza concorran outras normas de rango superior, as infraccións sancionaranse con arreglo ás maiores contías e severas medidas establecidas.

Artigo 130:

O incumprimento do preceptuado no título II da presente ordenanza, sancionase con multa dunha contía ata 3.000 euros en base á seguinte escala:

- Infraccións leves: ata 750 euros
- Infraccións graves: ata 1.500 euros
- Infraccións moi graves: ata 3.000 euros

Artigo 131:

O incumprimento determinado no título III sancionase con multa dunha contía ata 3.000 euros segundo a seguinte escala:

- Infraccións leves: ata 750 euros
- Infraccións graves: ata 1.500 euros
- Infraccións moi graves: ata 3.000 euros

Artigo 132:

O incumprimento determinado no título IV sancionase con multa dunha contía ata 3.000 euros segundo a seguinte escala:

- Infraccións leves: ata 750 euros
- Infraccións graves: ata 1.500 euros
- Infraccións moi graves: ata 3.000 euros

Artigo 133:

O incumprimento determinado no título V sancionase con multa dunha contía ata 3.000 euros segundo a seguinte escala:

- Infraccións leves: ata 750 euros
- Infraccións graves: ata 1.500 euros
- Infraccións moi graves: ata 3.000 euros

Artigo 134:

O incumprimento do establecido no título VI da ordenanza, dará lugar á imposición de multas dunha contía ata 3.000 euros, segundo o carácter de leve, grave ou moi grave da infracción. Terán carácter de grave, as condutas reincidentes.

Capítulo IV.- Rexistro de Carácter Ambiental.

Artigo 135.-

1.- Dependente dos servizos municipais competentes, poderase crear un Rexistro de carácter ambiental, que comprenderá o seguinte:

- Nome e apelidos e/ou razón social do infractor, ou presunto infractor.
- Tipo de infracción ou suposta infracción.
- Datos do denunciante no seu caso.
- Detalles do proceso sancionador incoado.
- Medio ou medios afectados polos feitos.
- Datas de cada un dos detalles anteriores.

2.- Os datos rexistrados enunciados precedentemente, deberán ser considerados ós seguintes efectos:

- Para dictar no proceso sancionador a resolución definitiva, previamente á cal haberán de terse en conta os resultados da consulta rexistral.
- Á hora de informar, outorgar e prorrogar licencias ou concesións a favor de persoas presentes no rexistro, se a actividade que pretenden exercer ou emprender sexa de previsibles efectos sobre o medio ambiente.

Capítulo V.- Actuacións de reparación.

Rematado o prazo establecido pola Administración Municipal, para que o interesado leve a cabo as actuacións de reposición dos bens ó estado anterior ó da comisión da infracción, se as ditas actuacións non foran efectivas na práctica, a Administración poderá optar entre a execución subsidiaria ou outorgar un novo prazo para a realización das medidas precisas polo infractor. O incumprimento deste novo prazo, sancionarase cunha multa que comprenda a infracción orixinaria, imposta no seu grao máximo -co carácter de grave-, podendo a Administración optar entre conceder un novo prazo de execución polo interesado ou pola execución subsidiaria, con gastos ó seu cargo.

No suposto da execución subsidiaria a Admón. Municipal poderá optar entre contrata-lo servizo ou ben, facelo a través dos propios Operarios Municipais. Neste último caso, os traballos liquidaranse a través das tarifas aprobadas polo Concello Pleno na Ordenanza Fiscal nº 5.

DISPOSICIÓN FINAL.

A Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1995, de 2 de abril.

A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 5 de maio de 2006. Publicada no B.O.P: en data 12 de agosto de 2006.